



O Parlamento de Galicia acolle este martes unha nova campaña de doazón promovida polo Centro de Transfusión

- **Unha unidade móbil desprazarase mañá ata a Cámara lexislativa para atender aos deputados e deputadas, xornalistas e ao persoal da institución, pero tamén ao conxunto da cidadanía, entre as 09,30 ás 14,30 horas**

Santiago, 9 de maio de 2016.- O Parlamento de Galicia acollerá mañá martes, 10 de maio, unha nova campaña de animación á doazón de sangue promovida dende Centro de Transfusión de Galicia da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, co obxectivo de fomentar este xesto solidario e incentivar a participación de todos os deputados e deputadas, xornalistas e persoal da institución, pero tamén do conxunto da cidadanía.

Unha unidade móbil estará ubicada na entrada principal do Parlamento de Galicia, onde atenderá aos doadores das 09,30 ás 14,30 horas, horario durante o que permanecerá aberto o acceso principal do recinto do Hórreo, para facilitar tamén a participación de todas as persoas que desexen sumarse a esta iniciativa solidaria.

O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, desprazarase á unidade móbil ás 12,00h.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.